



CONCELLO DE SADA

Edificio municipal de uso administrativo  
Avda. da Mariña, 25 (Sada)  
15160 Sada  
(A Coruña)  
Tfno.: 981 620 075 Fax.: 981 621 274  
<https://sede.sada.gal>

Expte. núm. 2024/G003/001180

## **RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA. (Aprobación de modificación de datas nas BASES POLAS QUE DEBE REXERSE A CONVOCATORIA DE POSTOS NO MERCADO MARIÑEIRO DAS FESTAS DO CARME 2024, A CELEBRAR OS DÍAS 20 E 21 DE XULLO**

### **Concellería de Cultura e Normalización Lingüística)**

#### ANTECEDENTES

1. Expediente de tramitación da convocatoria, núm. 2024/X999/000295 onde consta a proposta do Concelleiro de Cultura para convocar unha nova edición do Mercado Mariñeiro das Festas do Carme e o decreto de Alcaldía núm. 1067/2024, de 4 de xuño, de aprobación das bases da convocatoria, con datas de celebración o 13 e 14 de xullo.
2. Proposta do Concelleiro de Cultura e Normalización Lingüística informando do cambio das datas de celebración e proponendo a modificación e aprobación das bases reguladoras do Mercado Mariñeiro, con nova data de celebración o 20 e 21 de xullo.

Por todo canto antecede, esta Alcaldía

#### **RESOLVE:**

**Primeiro.-** Modificar as bases reguladoras do Mercado Mariñeiro das Festas do Carme 2024, aprobadas polo decreto núm. 1067/2024, do 4 de xuño, no referido ás datas de celebración, quedando redactadas como se transcriben no anexo.

**Segundo.-** Publicar as bases reguladoras na páxina web municipal.

#### ANEXO:

##### **1.- Obxecto**

O Concello de Sada organiza unha nova edición das tradicionais Festas do Carme. A comunidade sadense ten un pasado totalmente ligado ao mar e á pesca. É por iso que as Festas do Carme son, sen dúbida, unha das datas máis destacadas do calendario de festexos que emanan da cultura popular.

As celebracións populares teñen un compoñente dinamizador da economía local, xunto cun potencial de



CONCELLO DE SADA

Edificio municipal de uso administrativo  
Avda. da Mariña, 25 (Sada)  
15160 Sada  
(A Coruña)  
Tfno.: 981 620 075 Fax.: 981 621 274  
<https://sede.sada.gal>

atracción de visitantes. Isto supón unha oportunidade para reactivar a economía local. Este compoñente aporta un valor económico á celebración, que debe poder ser aproveitado dende unha visión de reactivación económica.

Os concellos teñen entre as súas competencias a da organización e xestión de feiras, abastos, mercados, lonxas e comercio ambulante, segundo se recolle na Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora de las Bases do Réxime Local. Con base nesta competencia e tamén nos obxectivos relacionados coa promoción cultural e económica a nivel local, a Concellería de Cultura propón celebrar unha nova edición do Mercado Mariñeiro.

O sector da artesanía ten un especial porque presenta ao mesmo tempo un carácter artístico, creativo e utilitario. Os obxectos feitos a man poñen a arte ao servizo da funcionalidade e son toda unha expresión cultural. Por medio desta proposta queremos destacar o valor cultural e artístico do oficio artesán, xunto co interese público que eles mesmos suscitan e apoialo a través dunha acción de fomento.

Por todo isto, o obxecto das bases que agora se presentan é o de establecer as condicións e o procedemento de outorgamento de autorizacións para a ocupación de terreos de uso público para organizar un mercado de artesanía de temática mariñeira dentro no marco das Festas do Carme 2024 en Sada, a celebrar nas datas do 20 e 21 de xullo.

O mercado instalarase no Paseo Marítimo de Sada, á altura da zona portuaria, entre o edificio da «Axudantía de Marina» e a zona de finalización do carril bici.

## 2.- Normativa de aplicación

- Lei 33/2003 de 3 de novembro, do Patrimonio das Administracións Públicas.
- Lei 13/2010, de 17 de decembro, do comercio interior de Galicia.
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local.
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

## 3.- Solicitantes

De conformidade co artigo 72 da Lei 13/2010 de comercio interior de Galicia, as persoas solicitantes deberán cumprir os requisitos que establezan os municipios para a súa autorización. Neste caso deberán cumprirse os seguintes:

- Dedicarse ao sector da artesanía en calquera das súas posibles manifestacións, realizando a man os produtos que poñan á venda. Tamén poden presentarse postos de venda doutros produtos, de revenda de artesanía ou de venda de segunda man.
- Estar dado ou dada de alta no réxime correspondente da Seguridade Social, e nun epígrafe do Imposto de Actividades Económicas compatible coa artesanía ou coa venda ambulante.
- Cumprir cos requisitos das regulamentacións de cada tipo de produtos.
- Dispor de seguro de responsabilidade civil.
- Dispor dunha carpa ou posto de venda, decorado e ambientado para recrear a temática mariñeira.



CONCELLO DE SADA

Edificio municipal de uso administrativo  
Avda. da Mariña, 25 (Sada)  
15160 Sada  
(A Coruña)  
Tfno.: 981 620 075 Fax.: 981 621 274  
<https://sede.sada.gal>

A concellería de Cultura será a encargada de comprobar as solicitudes e a documentación de solicitude.

O Mercado Mariñeiro non se celebrará se non conta cun mínimo de 10 solicitudes.

A dimensión máxima do frontal das carpas será de 4 m. lineais, con 3 m. de fondo como máximo. Segundo o espazo dispoñible, prevese unha capacidade dun máximo de 30 postos.

#### 4. Selección de participantes

Tendo en conta o punto anterior, no caso de que a organización reciba máis solicitudes correctas que o número de prazas asumibles, aplicará os criterios que se recollen no ANEXO II para establecer unha orde de prelación.

As prazas outorgaranse segundo esa orde de prelación, ata esgotar os espazos dispoñibles.

#### 5. Solicitudes de participación

- O prazo de presentación das solicitudes será dende a publicación das bases reguladoras ata as 23:59h do domingo 07 de xullo de 2024.
- O persoal do departamento de cultura instruirá as solicitudes. No caso de solicitudes incompletas ou que non reúnan os requisitos establecidos, as persoas interesadas recibirán un requirimento para emendalas, dispoñendo dun prazo máximo de 5 días hábiles. O motivo deste prazo reducido é o de ofrecer un tempo suficiente ao tempo que evitar que a tramitación se demore, a fin de garantir que o procedemento se resolva cunha marxe de tempo suficiente para que as persoas adxudicatarias poidan organizarse.
- Tramitarase a aprobación das solicitudes recibidas que cumpran todos os requisitos á finalización do prazo de solicitude e de emenda. As solicitudes incorrectas ou incompletas á finalización deste prazo serán denegadas.

As bases reguladoras publicaranse na páxina web municipal ([www.sada.gal](http://www.sada.gal)), contendo o modelo de solicitude (Anexo I), que estará dispoñible para descarga en formato editable.

- As persoas interesadas deberán presentar a súa solicitude no Rexistro Xeral do Concello de Sada ou a través dos demais medios que se establecen no artigo 16.4 da Lei 39/2015 de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.  
As persoas físicas poderán presentar a solicitude de xeito presencial se así o desexan, tal como recolle o artigo 14 da Lei 39/2015.  
O resto de solicitantes deberán presentar a súa solicitude de xeito telemático a través da sede electrónica ([sede.sada.gal](http://sede.sada.gal)).

#### 6.- Documentación a presentar coa solicitude

- DNI
- Certificado de situación censual
- Alta de autónomos/as ou vida laboral, segundo corresponda
- Copia da póliza de seguro de RC e copia do xustificante bancario do pago do último recibo
- Documento que conteña:



CONCELLO DE SADA

Edificio municipal de uso administrativo  
Avda. da Mariña, 25 (Sada)  
15160 Sada  
(A Coruña)  
Tfno.: 981 620 075 Fax.: 981 621 274  
<https://sede.sada.gal>

- o Descrición da actividade artesá, dos produtos que se porán á venda, incluíndo fotografías e sinalando a % de produtos realizados a man pola persoa solicitante e a % de produtos de revenda
- o Medidas da carpa ou do posto de venda
- o Descrición e imaxes (de ser posible) da proposta de ornamentación de temática mariñeira coa que adornará o posto
- o Descrición de necesidades eléctricas (consumo eléctrico)

## 7.- Asignación e distribución de espazos

A organización será quen asigne os espazos dispoñibles entre os postos inscritos. A distribución tratará de respectar, na medida do posible, a separación entre produtos iguais ou da mesma natureza.

O Concello resérvase a posibilidade de modificar a distribución dos postos por causas organizativas ou de seguridade.

## 8.- Desenvolvemento da feira

O Mercado mariñeiro enmárcase dentro da programación da Festa do Carme que organiza a concellería de Cultura. O mercado inclúese como unha das actividades ofertadas polo Concello de Sada para aportar contidos de interese ao programa de celebración festivo.

As persoas participantes disporán dun tempo para a montaxe das súas propias carpas e material. Para as tarefas de montaxe poderán acceder cos seus vehículos á zona de exposición e venda, no paseo marítimo portuario. Será por conta das persoas participantes a decoración dos postos, seguindo a temática mariñeira que é o motivo principal da celebración.

Cada posto disporá de acceso a un cadro de subministración eléctrica.

### 8.1.- Horarios

O Mercado Mariñeiro celebrarase nas datas do sábado 20 e o domingo 21 de xullo, dentro do marco das Festas do Carme de Sada e coas seguintes referencias:

- MONTAXE: sábado 20 a partires das 8:00h e con finalización ás 12:00h. As persoas participantes poderán achegar os seus vehículos ata a zona de montaxe, dentro do Paseo Marítimo, debendo retiralos unha vez rematada a descarga de materiais. Non haberá zona de aparcamento reservada para os participantes no Mercado Mariñeiro, si ben agárdase que exista espazo suficiente na zona próxima.
- HORARIOS DE VENDA AO PÚBLICO:
  - o Sábado 20: de 12:00 a 22:00h
  - o Domingo 21: de 11:00 a 22:00h
- SEGURIDADE NOCTURNA: o Concello ofrecerá un servizo de vixilancia na zona do mercado mariñeiro para garantir a seguridade dos postos de venda. O servizo estará operativo entre as 22:00h do sábado 20 de xullo e as 11:00h. do domingo 21 de xullo. A organización non se responsabilizará da vixilancia dos postos fóra dese horario.



CONCELLO DE SADA

Edificio municipal de uso administrativo  
Avda. da Mariña, 25 (Sada)  
15160 Sada  
(A Coruña)  
Tfno.: 981 620 075 Fax.: 981 621 274  
<https://sede.sada.gal>

- **DESMONTAXE:** o domingo 21 de xullo a partires das 22:00h. As persoas participantes poderán achegar os seus vehículos ata a zona de desmontaxe, dentro do Paseo Marítimo. As persoas participantes deberán desmontar os seus postos inmediatamente despois da finalización do mercado, e deixar o espazo público nas condicións de uso e limpeza iniciais.

NOTA: Cada participante deberá comprometerse a manter a actividade no seu posto durante o horario de venda ao público.

## 8.2.- Actividades

O mercado beneficiarase do programa de actividades das Festas do Carme, xa que todas as actividades e espectáculos programados durante a fin de semana aportarán unha ambientación positiva na área de organización. O programa de actividades mobilizará a presenza de públicos variados, dos que poderá beneficiarse secundariamente o mercado mariñeiro.

O contido do programa incluírá propostas como as seguintes:

- Pasarrúas de música tradicional
- Misa mariñeira e procesión marítima (en colaboración coa Confraría de Pescadores de Sada)
- Sardiñada popular (en colaboración coa Confraría de Pescadores de Sada)
- Concerto
- Actuacións escénicas de rúa
- Actividades lúdicas no porto

## 9.- Condicións de participación

- As persoas autorizadas deberán participar no Mercado Mariñeiro, exercendo a venda ao público dos seus produtos artesanais durante os horarios establecidos.
- Será necesario respectar os horarios da feira (punto 8.1). No caso de choiva ou meteoroloxía adversa a organización será flexible cos horarios, previo acordo coas persoas participantes.
- Cada participante aportará a súa propia carpa e o material necesario para instalar un posto de venda decorado con estética mariñeira.
- Disporase de acceso a unha toma de corrente razoablemente próxima a cada un dos postos participantes.
- A participación está exenta de taxas posto que o mercado organizarase en terreos de competencia de Portos de Galicia, nos que non aplican as ordenanzas municipais.

## 10.- Disposición final

A organización resérvase o dereito a dar por finalizada a actividade en calquera posto que non se adapte aos requisitos establecidos nesta convocatoria.

O envío da solicitude (Anexo I) supón o coñecemento e aceptación das presentes bases.



CONCELLO DE SADA

Edificio municipal de uso administrativo  
Avda. da Mariña, 25 (Sada)  
15160 Sada  
(A Coruña)  
Tfno.: 981 620 075 Fax.: 981 621 274  
<https://sede.sada.gal>

Sada, data da sinatura dixital  
O alcalde,

Óscar Benito Portela Fernández



CONCELLO DE SADA

Edificio municipal de uso administrativo  
Avda. da Mariña, 25 (Sada)  
15160 Sada  
(A Coruña)  
Tfno.: 981 620 075 Fax.: 981 621 274  
<https://sede.sada.gal>

### ANEXO I: SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN NO MERCADO MARIÑEIRO 2024

NOME DO POSTO:	
NOME DA PERSOA TITULAR:	
CORREO ELECTRÓNICO:	
TELÉFONO:	
DIRECCIÓN POSTAL:	
DNI:	
RAZÓN SOCIAL (no caso de entidades):	
NIF (entidades):	
DESCRIPCIÓN DOS PRODUTOS OFERTADOS:	
NECESIDADES ELÉCTRICAS:	
CARNÉ/CARTA DE ARTESANÍA:	SI / NON
OBSERVACIÓNS:	

#### DATOS DA PERSOA REPRESENTANTE:

NOME:	
DNI:	
CORREO ELECTRÓNICO:	

#### SOLICITA

Participar no Mercado Mariñeiro que terá lugar nos vindeiros días 20 e 21 de xullo. A persoa solicitante manifesta coñecer as Bases de participación e o compromiso de observalas así como a normativa á que debe axustarse a súa actividade.

Asdo.

En Sada, a                    de                    de 2024



CONCELLO DE SADA

Edificio municipal de uso administrativo  
Avda. da Mariña, 25 (Sada)  
15160 Sada  
(A Coruña)  
Tfno.: 981 620 075 Fax.: 981 621 274  
<https://sede.sada.gal>

\* A esta solicitude deberá acompañarse da documentación requirida no punto 6 das bases reguladoras.





CONCELLO DE SADA

Edificio municipal de uso administrativo  
Avda. da Mariña, 25 (Sada)  
15160 Sada  
(A Coruña)  
Tfno.: 981 620 075 Fax.: 981 621 274  
<https://sede.sada.gal>

## ANEXO II

### ANEXO II: Criterios selección:

CRITERIOS DE SELECCIÓN MERCADO MARIÑEIRO	PUNTOS
Solicitantes con carné/carta de artesá/n *(unicamente se terá en conta cando estea relacionado cos produtos que porá á venda)	3
Produtos elaborados a man, non revenda (necesario fotografías)	2
Produtos relacionados co mar ou cos oficios do mar (necesario fotografías)	2
Postos relacionados con outros oficios tradicionais	1
Economía circular (produtos elaborados con materiais reciclados)	1
NOTA: A puntuación dos diferentes criterios é acumulable. EN CASO DE EMPATE: tomarase a orde de entrada de rexistro da última documentación presentada que serviu para completar a solicitude	
Excluíranse aquelas solicitudes que non cumpran os requisitos das bases	